



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Edificio Admvo. San Lázaro, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 54 29 30 - Fax: 981 54 29 70
www.sergas.es

SANEA CONTROL S.L.
AV. DA MAHIA N° 106 BAIXO
BERTAMIRANS
15220 AMES
A CORUÑA



EXPEDIENTE: SA703A 2006/1-1

PROCEDEMENTO: SA703A Autorización das entidades de formación do persoal operador de aparellos de bronceado.

Xunto, achégase Resolución do director xeral de Saúde Pública, do 5 de outubro de 2006, pola que se **concede** a autorización a entidade SANEA CONTROL S.L. para impartir cursos de formación do persoal dos centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2006

O XEFE DE SERVIZO DE SANIDADE AMBIENTAL



Asdo.: Manuel Álvarez Cortiñas



SANEA CONTROL S.L.
AVDA. DA MAHIA Nº 106 BAIXO
BERTAMIRANS
15220 AMES
A CORUÑA

EXPEDIENTE: SA703A 2006/1-1

PROCEDEMENTO: SA703A Autorización das entidades de formación do persoal operador de aparellos de bronceado.

D. Ramón Medina González-Redondo, director xeral de Saúde Pública, en virtude das facultades que me están conferidas legalmente, a teor do disposto no Decreto 45/2006, de 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e a vista dos seguintes

FEITOS

1.- Con data do 14 de agosto de 2006 ten entrada na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de A Coruña a solicitude de autorización para impartir cursos de formación ao persoal de centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV, correspondente a seguinte entidade de formación:

- Nome : SANEA CONTROL S.L. C.I.F.B15968308
- Enderezo: AVDA. DA MAHIA Nº 106 BAIXO BERTAMIRANS
- Tfo. (981) 88.69.24 Fax. 881975790 E-mail.
- Poboación: AMES C.P.15220 Provincia.A CORUÑA
- Titular:..J.ANTONIO GÓMEZ SERRAMITO DNI. 44825934-S

2.- Unha vez avaliado o expediente, con data do 29 de setembro de 2006 emítese por parte da delegada provincial da Consellería de Sanidade de A Coruña proposta de concesión de autorización para a citada entidade.

Aos anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes



FUNDAMENTOS DE DEREITO

I

O Real decreto 1002/2002, do 27 de setembro, polo que se regula a venda e utilización de aparellos de bronceado mediante radiacións ultravioletas, en especial o artigo 8, onde se establece a formación do persoal.

II

O Decreto 253/2004., do 7 de outubro, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

III

A Orde do 2 de decembro de 2004 de regulación da formación do persoal dos centros de bronceado e o procedemento para a autorización das entidades de formación, en especial o artigo 6 onde se establece que corresponde ao director xeral de Saúde Pública a resolución do procedemento a proposta do delegado provincial .

Vistos os preceptos legais citados e os demais de xeral aplicación,

RESOLVO

Conceder a autorización á entidade .SANEA CONTROL S.L. para impartir cursos de formación do persoal dos centros de bronceado destinado á aplicación de aparellos de raios UV. Esta autorización implica a inscrición de oficio no rexistro de centros de bronceado e entidades de formación adscrito á Consellería de Innovación, Industria e Comercio co N° 15-00008-2.

A vixencia de dita autorización é de 5 anos, debendo solicitarse novamente a súa renovación no prazo dos tres meses anteriores á data límite da súa vixencia.

A entidade autorizada queda suxeita a obrigatoriedade de comunicar a delegación provincial da Consellería de Sanidade correspondente, cun mínimo dunha semana de antelación os cursos programados.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes ante o conselleiro de Sanidade, de conformidade co disposto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2006

